Pasos para a constitución dun

Club de Natación

(En calquera das súas modalidades: natación, waterpolo, natación sincronizada ou saltos)

1. Inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas e de Deportistas de Galicia.

De acordo coa Lei 11/1997, do 22 de agosto, Xeral do Deporte de Galicia (D.O.G. nº 170 de 4 de setembro de 1997) e demais normativa aplicable, é necesaria a presentación da seguinte documentación por "Triplicado Exemplar"

Documentación a entregar:

- Solicitude de rexistro de entidades deportivas. (Impreso 01)
- Xustificante de aboamento das taxas . (Impreso 02)
- Acta Fundacional. (Impreso 03)
- Acta de aprobación pola Asemblea Xeral dos Estatutos do Club. (Impreso 04)
- Relación dos nomes, número do DNI e enderezo completo dos promotores ou directivos. (Impreso. 05)
- Estatutos do Club. (Impreso 06)

Cuestións a ter en conta.

- Ter en conta que a documentación é **por triplicado** (os tres exemplares con sinaturas orixinais). Os Estatutos deberanse asinar en tódalas follas.
- Non grampar a documentación, empregar clips.
- Colocar os exemplares na orde indicada, en cada exemplar.
- Poñer os enderezos completos e precisos, coas indicacións dos códigos postais.
- O nome do Club ten que aparecer de xeito preciso e igual en tódolos apartados que correspondan.
- Se se cubre a documentación a man, ten que facerse con letras maiúsculas tipo imprenta.

2. Consellería de Cultura e Deporte.

Entregar a documentación no Rexistro da **Consellería de Cultura e Deporte** en:

DIRECCIÓN XERAL PARA O DEPORTE
SERVIZO DE COORDINACIÓN DEPORTIVA
Complexo Multiusos San Lázaro
15890 Santiago de Compostela Tel. 981542619

ou ben nas respectivas:
DELEGACIÓNS PROVINCIAIS
SERVIZO DE DEPORTES
Complexo Deportivo Elviña. 15008. A Coruña Tel. 981132443
Ronda de Muralla, 70-4º. 27071. Lugo Tel. 982294566
Avda. da Habana, 79. 32001. Ourense Tel. 988386044
Rúa Fernando Olmedo, 3. 36002 Pontevedra Tel. 986861148
Rúa México, 41-1º. 36204. Vigo Tel. 986 481534

3. Federación Galega de Natación.

Na Federación Galega de Natación: Avda. Glasgow, 13 . 15008 A Coruña. Tel. 981174377

- A documentación anteriormente citada, unha vez selada pola Xunta de Galicia, será entregada na Federación Galega de Natación para solicitar o alta do novo Club en dita federación.
- Segundo a circular 04-08 pago de cota para Clubs e tramitación de licencias.
- Proporcionar os enderezos postais e electrónicos; así como o teléfono e fax do Club.

Co fin de facilitar o comezo, a Federación Galega de Natación, ademais, porá a disposición dos clubs que o desexen información adicional en canto a tramites para a participación a nivel nacional, tramitación de licencias... así como as diferentes cuestións que o Club teña. A persoa de contacto nesta Federación será:

Ramón Mosquera Niebla
Secretario Xeral da FEGAN
secretaria@fegan.org

Máis información en: info@fegan.org ou na páxina web www.fegan.org